


EN DEFENSA DOS CAMIÑOS DE FERRO

Desde o mes de decembro pasado ven-se desenvolvendo unha campaña en defensa dos camiños de ferro en Galiza consistente no envío de tarxetas postais ao Ministro de Fomento coas que se reclaman os investimentos necesarios para levar a cabo a modernización do transporte ferroviario. A tarxeta foi editada por ADEGA e contén unha breve exposición das vantaxes dos camiños de ferro fronte a outros medios de transporte: menor consumo enerxético, menor emisión de contaminantes, menor impacto das infraestruturas, muito menor índice de accidentes etc.

Abandonados desde hai décadas e con recentes recortes no servizo os camiños de ferro galegos precisan de melloras nas vías e nos comboios, de electrificación e duplas vías que permitan superar as baixísimas velocidades actuais, de melloras das estacións e dos horarios... que os fagan útiles a unha grande parte dos viaxeiros do noso País.




O Parlamento de Galiza aprovara por unanimidade un plano para a mellora e modernización do ferrocarril, pero os Presupostos Xerais do Estado para o ano 1997 non inclúen as partidas necesarias para os nosos camiños de ferro.

Esta campaña de ADEGA tivo unha mui boa acollida na sociedade, sendo preciso facer unha segunda tirada xa que se esgotaron as primeiras 5.000 tarxetas editadas e ven a continuar a campaña iniciada na primavera pasada por un transporte respectuoso co meio.

Tamén a Mesa pola Defensa dos Camiños de Ferro na Galiza (na que participa ADEGA) lanzou unha campaña polo mesmo tema na que se inclúe o envío de tarxetas postais, a distribución de folletos informativos e a recollida de sinaturas solicitando a revisión do Plano Director de Infraestruturas nos termos acordados polo Parlamento Galego. A Mesa organizou en varias comarcas do País diversas actividades e mobilizacións, ten solicitada unha entrevista co Conselleiro de Obras Públicas e, no momento de escribir estas liñas, valora a posibilidade de convocar unha mobilización nacional en consideración de que debemos facer o posíbel para que Galiza non perda o tren. 🍀

Defendamos o ferrocarril



é máis ecolóxico

TARXETA EDITADA POR ADEGA PARA RECLAMAR DO MINISTÉRIO DE FOMENTO A MELLORA DO FERROCARRIL GALEGO. OS/AS INTERESADOS/AS EN PARTICIPAR NA CAMPAÑA PODEN CONTACTAR COA ASOCIACIÓN

ADEGA
R. DE TOURO, 21-2º
TF. 981 - 57 00 99
SANTIAGO